

Tema 6. A Segunda Guerra Mundial.

1. CAUSAS DA GUERRA.

1.1. O expansionismo fascista.

Hitler foi incumprindo as limitacións impostas polo Tratado de Versalles. Proxectaba crear un grande Estado nacionalsocialista de base racial (Reich) máis alá das fronteiras fixadas en Versalles. É o chamado «espazo vital».

En 1935 Hitler anexionou o **Sarre**, que estaba baixo control francés, tras a celebración dun plebiscito no que a poboación se manifestou partidaria da súa incorporación a Alemaña. Inmediatamente despois, o Goberno nazi anunciou o seu propósito de restablecer o servizo militar obrigatorio, de constituír un exército e crear unha forza aérea, a Luftwaffe.

Francia, o país máis ameazado por Hitler, intentou illar diplomaticamente a Alemaña, asinou un acordo con Italia e Reino Unido para asegurar a independencia de Austria e contra a política de rearmamento de Hitler. A rede de alianzas completouse con outro pacto de asistencia mutua coa URSS no caso de agresión. Pero entre 1935 e 1936 Italia invadiu e conquistou **Etiopía**. A Sociedade de Nacións condenou esta acción e decidiu adoptar sancións económicas contra Italia. A resposta de Mussolini foi romper os pactos, achegarse a Alemaña e abandonar a SDN.

Outro dos escenarios da crise das relacións internacionais nos anos trinta do século XX foi Asia e a área do Pacífico. Xapón estaba moi afectado pola crise económica a comezos dos anos trinta e lanzouse a unha política expansionista en China como remedio aos seus graves problemas. En 1931 ocupou militarmente **Manchuria**. Entre 1932 e 1937, ante a falta de resposta internacional, Xapón dispúxose a conquistar China e todo o sueste asiático.

1.2. A debilidade das democracias e os golpes de forza de Hitler

En 1936 Hitler ordenou a ocupación da zona desmilitarizada de **Renania**. A pasividade das democracias foi percibida por Hitler e Mussolini como unha proba de debilidade ante unha política de feitos consumados.

O estalido da **guerra civil española** en xullo de 1936 fixo de novo evidente a debilidade das democracias occidentais. En agosto logrouse un acordo de non intervención que foi asinado por 25 países, entre os cales estaban Alemaña, Italia e a URSS. O acordo axiña se converteu en «papel mollado», pois a Alemaña nazi e a Italia fascista axudaron con tropas e material bélico aos militares sublevados contra a República española, e a URSS axudou á República con armas e técnicos. A guerra civil española (1936-1939) facilitou a alianza entre Hitler e Mussolini, que, en outubro de 1936, forxaron unha alianza bautizada como o **Eixe Roma-Berlín**. Pouco despois, Alemaña e Xapón asinaron o **Pacto Antikomintern** contra a URSS, ao que se adheriron Italia e a España de Franco.

O temor das democracias ao estalido da guerra levounas a unha política de pacificación, facendo determinadas concesións que «calmasen aos ditadores».

En marzo de 1938 tropas alemás entraron en Viena. Hitler anunciou a celebración dun plebiscito que ratificou a **anexión de Austria** ao Reich alemán. O paso seguinte foi **Checoslovaquia**. A escusa foi a chamada cuestión dos Sudetes, unha rexión checoslovaca rica en minas e industrias en que vivían uns tres millóns de alemáns. Pero a cuestión checoslovaca non acabou aí. En marzo de 1939 Eslovaquia proclamou a súa independencia e a continuación tropas alemás penetraron tamén en Bohemia, co que se formou un «**Protectorado de Bohemia-Moravia**» como Estado satélite do Terceiro Reich. Mussolini, pola súa banda, ocupou **Albania**. En maio, Alemaña estreitou relacións con Italia coa sinatura dunha alianza ofensiva, o **Pacto de Aceiro**.

1.3. Os detonantes da guerra.

A anexión de Checoslovaquia fixo evidente o fracaso da política de pacificación practicada por Reino Unido e Francia, que cambiaron de actitude.

Ante as esixencias de Hitler sobre Danzig e o «corredor polaco», Reino Unido e Francia declararon o seu apoio á independencia de Polonia e iniciaron un achegamento á URSS. Pero as negociacións víronse entorpecidas polos receos polacos a que tropas soviéticas puidesen atravesar o seu territorio no caso dun ataque alemán e a desconfianza entre os soviéticos e os franco-británicos. Ademais, paralelamente, os soviéticos estaban negociando en segredo cos alemáns.

Tema 6. A Segunda Guerra Mundial.

O 23 de agosto de 1939 asinouse o **Pacto xermano-soviético** de non agresión, polo que ambos os países deixaban de lado temporalmente os seus conflitos e diferenzas ideolóxicas. Hitler quería evitar unha guerra en dúas fronteiras no caso de conflito con Francia e Reino Unido, asegurando a neutralidade da URSS. Stalin xustificou o acordo polo «clima de evidente hostilidade das potencias occidentais cara á URSS» e co fin de evitar o illamento e prever unha posible agresión alemá. Este pacto contiña ademais un protocolo secreto polo que se prevía a repartición de Polonia entre alemáns e soviéticos, así como o recoñecemento dos dereitos da URSS sobre Finlandia e os países bálticos.

Apoiada polo pacto, **o 1 de setembro Alemaña invadiu Polonia**. Pero esta vez Reino Unido e Francia non cederon e o día 3 declaráronlle a guerra a Alemaña. Así comezaba a Segunda Guerra Mundial.

2. O DESENVOLVEMENTO DA GUERRA

Ao inicio da guerra as forzas enfrontadas mostraban unha clara supremacía do Reich, pese a que Reino Unido e Francia eran superiores en poboación e recursos económicos. No caso das forzas terrestres, as divisións de infantaría alemás excedían amplamente ás de Reino Unido, Francia e Polonia. Alemaña tamén demostrou o seu predominio nas forzas aéreas.

Non obstante, a maquinaria de guerra alemá resentíuse dalgúns fallos como as carencias en ferro, gasolina, caucho e outras materias primas, que obrigaron a Alemaña a buscar fontes de aprovisionamento. Estas carencias foron moi importantes para o desenvolvemento posterior do conflito.

2.1. As innovacións técnicas e a táctica militar

Durante a Segunda Guerra Mundial rexistráronse grandes cambios na táctica militar. Hitler e o seu Alto Estado Maior eran conscientes de que a guerra tiña que ser curta e deseñaron a chamada «**guerra lóstrego**» (**Blitzkrieg**). Esta táctica buscaba alcanzar un éxito rápido mediante a penetración no territorio inimigo usando carros de combate, apoiados desde o aire pola aviación. Esta estratexia constituíu o elemento sorpresa e explica a superioridade do exército alemán ata 1941.

Os exércitos aliados pensaban nunha guerra semellante á Primeira Guerra Mundial, que se baseara no avance da infantaría e na loita en trincheiras, e non estaban preparados para esta nova táctica. Por iso, só puideron pasar á ofensiva cando a guerra se alongou, co que o potencial económico e demográfico converteuse nun factor fundamental para seguir fabricando armamento e ampliando o exército.

Outras innovacións importantes foron a aplicación dos avances científico-técnicos (o radar británico, os sistemas de bombas dirixidas alemás e a enerxía atómica por parte de Estados Unidos) e a construción de novas armas (o desenvolvemento do tanque e das unidades mecanizadas, da aviación e de potentes portaavións).

2.2. AS FASES DA GUERRA

A) **As ofensivas alemás: a «guerra lóstrego» (1939-1941)**

O 1 de setembro de 1939 o exército alemán invadiu Polonia. O exército polaco estaba anticuado e carecía de artillaría antiaérea, polo que foi incapaz de enfrontarse á «guerra lóstrego» dos alemáns, e o 27 de setembro capitulou. Por outra parte, o 17 de setembro o Exército Vermello penetrou no territorio oriental de Polonia e, como se acordou no Pacto xermano-soviético, Polonia foi repartida entre Alemaña e a URSS. As tropas soviéticas ocuparon tamén Estonia, Letonia e Lituania e Finlandia.

Os aliados intentaron cortar o aprovisionamento de ferro sueco aos alemáns, pero estes adiantáronse e invadiron Dinamarca e Noruega en abril de 1940. Ese mes os alemáns comezaron a ofensiva na fronte occidental.

A primeira liña alemá invadiu Bélxica e os Países Baixos, mentres que outra ala rompeu a fronte en Sedán. Polo medio quedaron illados en **Dunkerque** máis de 350.000 soldados; a maioría deles logrou embarcar e refuxiarse en Inglaterra.

As divisións blindadas alemás continuaron o seu avance, eludindo a fortificada **liña Maginot** e atropelando o exército francés. En xuño os alemáns entraron en París e asinouse o armisticio polo que Francia se dividiu en dúas zonas: o norte e a costa atlántica foron ocupados polos alemáns, mentres que, no centro-sur, a chamada

Tema 6. A Segunda Guerra Mundial.

Francia de Vichy estableceu un Goberno autoritario dirixido polo mariscal Pétain, influído polo fascismo e colaboracionista cos nazis. Desde Londres, o xeneral francés De Gaulle fixo un chamamento á resistencia.

A ocupación de Francia deixou só a Reino Unido fronte aos alemáns. Pero Churchill, coa axuda estadounidense e o apoio das colonias, puido rexeitar a oferta de paz alemá e continuar a guerra. Hitler tratou de dobregar os británicos coa **Luftwaffe** e no verán de 1940 empezou unha encarnizada batalla aérea, coñecida como a batalla de Inglaterra. Ante as perdas de avións, debidas á efectividade dos avións de caza británicos e do radar, os alemáns responderon con bombardeos aéreos.

Pronto xurdiron novas fronteiras: o norte de África e os Balcáns.

En xuño de 1940 a Italia de Mussolini entrou na guerra ao lado de Alemaña. Os italianos lanzaron desde as súas bases de Libia unha ofensiva para conquistar Exipto, colonia británica. Pretendían chegar ao canal de Suez, para obstaculizar as comunicacións dos británicos co seu imperio e acceder ao petróleo do Próximo Oriente. Pero foron rexeitados e os británicos lanzaron unha contraofensiva. Isto obrigou os alemáns a intervir en axuda de Mussolini, para o que enviaron o **Afrika Korps**, un exército ao mando do mariscal Rommel.

Os italianos tamén intentaron invadir Grecia desde Albania, pero fracasaron, o que forzou a Hitler a intervir nos Balcáns. Entre 1940 e 1941 Hungría, Bulgaria e Romanía asinaron pactos para entrar na guerra ao lado de Alemaña. Entre abril e xuño de 1941 as tropas do Eixe ocuparon Iugoslavia e Grecia. Así, entre 1939 e 1941, a Alemaña nazi fíxose co control de case toda Europa, salvo Reino Unido e a URSS e os países neutrais.

B) A guerra adquire dimensión mundial (1941-1942)

Ata a primavera de 1941 a guerra tivera como escenario fundamental o continente europeo e o norte de África. A agresión alemá á URSS e a de Xapón á frota naval estadounidense no Pacífico ampliaron o campo das operacións.

O 22 de xuño de 1941 Alemaña invadiu por sorpresa a Unión Soviética. O obxectivo da invasión, coñecida como **Operación Barbarrubia**, era obter os cereais rusos e o petróleo do Cáucaso, é dicir, as subministracións que Alemaña necesitaba para continuar a guerra. O plan alemán pretendía un ataque lóstrego antes de que a URSS se preparase militarmente. Nun principio a debilidade do Exército Vermello, sen altos mandos tras purgas estalinistas, favoreceu o éxito alemán. Pero a chegada do inverno e a falta de carburante e a táctica rusa de **terra queimada** fixeron fracasar as tropas nazis no asedio de Leningrado e na toma de Moscova.

Paralelamente, a situación tamén cambiou en Asia. Ante a invasión xaponesa de Indochina, Estados Unidos decretou o embargo sobre o comercio xaponés. A resposta foi o ataque aéreo sobre a base naval estadounidense de **Pearl Harbor**, o 7 de decembro de 1941, sen unha declaración previa de guerra. Este feito provocou a entrada no conflito de Estados Unidos. Catro días máis tarde Alemaña e Italia declaráronlle a guerra aos Estados Unidos.

Tras a destrución de parte da frota estadounidense no Pacífico, o dominio xaponés sobre o mar permitiulle un rápido proceso de ocupacións. A finais de 1942 eran donos de Indochina, Malaisia, Birmania, a zona costeira de China, as Indias Orientais Holandesas (Indonesia), Filipinas, Guam, Salomón e Nova Guinea, e chegaron a ameazar a Australia.

C) A derrota do Eixe (1943-1945)

A finais de 1942 a guerra experimentou un xiro decisivo. Hitler sufriu a súa primeira e máis importante derrota en Rusia. No verán de 1942 a toma de Stalingrado era o obxectivo básico do exército alemán. Os alemáns lograron a ocupación da maior parte da cidade. Pero a contraofensiva rusa de novembro cercou a 22 divisións alemás. Hitler cometeu o erro de dar a orde de resistir e romper o cerco. Os rusos impediron a chegada de reforzos, e a fame e o frío obrigaron os alemáns a capitular en febreiro de 1943. Máis tarde, a decisiva derrota das divisións blindadas alemás en Kursk en xullo de 1943, decidiu a sorte da guerra na fronte oriental.

En África a ofensiva do Afrika Korps foi detida polos británicos, que lograron a vitoria en novembro de 1942. Ese mesmo mes un corpo do exército angloamericano desembarcou nos portos de Marrocos e Alxeria. Na primavera de 1943 os italianos e os alemáns tiveron que evacuar Tunisia.

Tema 6. A Segunda Guerra Mundial.

No verán de 1943 os aliados **desembarcaron en Sicilia** e emprenderon a conquista de Italia. Ante a situación, Vítor Manuel III destituíu a Mussolini. En setembro de 1943, Italia asinou o armisticio cos aliados. Non obstante, os alemáns ocuparon o norte e o centro do país ata Roma e liberaron a Mussolini, que organizou a chamada República de Saló baixo control nazi.

Os estadounidenses contraatacaron no Pacífico no verán de 1942. As batallas aeronavais de mar do Coral, Midway e Guadalcanal puxeron de manifesto a superioridade de Estados Unidos.

O cambio no curso da guerra foi posible pola intervención de Estados Unidos e por un maior achegamento de Reino Unido e Estados Unidos coa URSS. Na **Conferencia de Teherán** (1943) Stalin, Roosevelt e Churchill trataron aspectos relacionados coa guerra e coa posguerra.

A definitiva derrota alemá comezou no oeste coa grande ofensiva a raíz do **desembarco aliado de Normandía** en xuño de 1944, que desbaratou as defensas alemás e permitiu o avance das tropas aliadas. París foi liberada e a finais de outubro os territorios francés e belga foron reconquistados. No leste os avances do Exército Vermello foron maiores.

O asalto final produciuse entre finais de 1944 e principios de 1945. En abril de 1945 o réxime nazi descompúxose. Berlín, a capital do Reich, foi cercada e liberada polo exército da URSS. Hitler suicidouse no seu búnker e a cidade capitulou, co que firmou a rendición incondicional de Alemaña.

A guerra continuou no Pacífico, pese a que Xapón estaba cercado e sen recursos defensivos. O novo presidente de Estados Unidos, Truman, decidiu lanzar a **bomba atómica sobre as cidades xaponesas de Hiroshima e Nagasaki** en agosto de 1945. Os seus efectos foron terroríficos: só en Hiroshima houbo máis de 100.000 mortos e innumerables feridos e afectados polas radiacións, dunha poboación de 250.000 habitantes. En setembro de 1945 Xapón capitulou. A guerra rematara.

3. A EUROPA OCUPADA.

Hitler, despois das súas conquistas e co fin de asegurar o Gran Reich, considerou esencial construír unha «nova orde» en que quedase claro o dominio de Alemaña sobre Europa.

3.1. A explotación económica dos países conquistados.

A estratexia alemá da «guerra lóstrego» presupoñía unha guerra curta, e a súa prolongación creou problemas. Desde 1942 Alemaña non era capaz de manter o esforzo da guerra só cos seus recursos. Por iso se deseñou unha política de explotación, saqueo e rapina dos recursos humanos e económicos dos países ocupados. Os países conquistados tiveron que pagar os gastos militares da ocupación e ademais foron saqueados: requisa de materias primas, de produtos industriais e alimenticios, expoliación de bens xudeus, etc.

O réxime de ocupación foi especialmente duro en Europa oriental, onde se estableceron miles de campos de traballo, nos que as SS e os grandes conglomerados industriais alemáns explotaron sen límites unha man de obra escrava. Uns oito millóns de civís e prisioneiros de guerra foron deportados a Alemaña e empregados nas fábricas de armamento ou no sector agrario.

Así, mentres que a poboación alemá mantivo un certo grao de benestar, a penuria, o racionamento, a fame e o «mercado negro» recaeron sobre as poboacións dos países conquistados.

A) Colaboracionismo e resistencia

A «nova orde» hitleriana instaurada nos países ocupados encontrou apoio nunha minoría. Eran os colaboracionistas, persoas ou organizacións que non só aceptaron a ocupación, senón que colaboraron activamente co ocupante. As razóns do colaboracionismo foron varias: a afinidade coas ideas nazis, a consideración do nazismo como algo «inevitable», o temor ao comunismo ou ben o simple oportunismo. Deuse na maioría dos países ocupados, aínda que destacaron dous réximes, o noruegués mais o francés de Vichy co mariscal Pétain como presidente.

Xunto ao colaboracionismo, apareceu a resistencia nos países sometidos ao terror nazi. Xurdiu como un movemento patriótico e de rexeitamento ao fascismo. Italia tivo un importante desenvolvemento da resistencia na

Tema 6. A Segunda Guerra Mundial.

zona da República de Saló (norte de Italia), onde houbo episodios tanto de guerra contra o invasor nazi coma de guerra civil contra os fascistas. A pesar da hexemonía comunista, na resistencia italiana participou tamén o resto dos partidos políticos antifascistas.

En Francia e noutros países da Europa occidental os movementos de resistencia foron alentados polos británicos, e as súas accións intensificáronse desde 1941. Empezaron, sobre todo, accións de fustrigamento, sabotaxe e traballos de espionaxe ao servizo dos aliados. Á fronte da resistencia francesa no exterior estaba Charles de Gaulle, como dirixente da Francia libre.

A represión contra a resistencia foi feroz. Así, en Francia, por cada alemán asasinado fusilábase a cincuenta reféns franceses, na súa maioría civís inocentes. A Gestapo, as SS e os campos de concentración foron os instrumentos do terror hitleriano.

B) Xenocidio

A ocupación alemá derivou nas dúas bases do proxecto de Hitler: a purificación da raza alemá e a expansión das súas fronteiras na procura do «espazo vital».

En Europa oriental desenvolveuse o programa de desprazamento dos pobos eslavos, considerados «subhumanos» e carentes de dereitos, para deixar espazo ás poboacións alemás.

A faceta máis terrible da política racial nazi foi o exterminio dos xudeus, o **Holocausto**. En 1941 Hitler encargou o bosquejo dun plan de eliminación dos xudeus de Europa, uns 11 millóns, e o primeiro paso foi unha masiva deportación a **guetos** e a **campos de concentración**.

Tras a Conferencia de Wannsee de xaneiro de 1942 empezou o exterminio masivo e planificado dos xudeus nas cámaras de gas e a súa desaparición nos fornos crematorios dos principais campos de exterminio, como Auschwitz-Birkenau, Treblinka, etc. É o que se chamou a **Solución Final** ao problema xudeu. En apenas tres anos foron asasinados millóns de xudeus, así como centos de miles de xitanos, homosexuais, discapacitados, opositores políticos, etc.

4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA.

Os efectos demográficos, materiais e morais da Segunda Guerra Mundial foron devastadores. O final da guerra significou o declive definitivo de Europa e o inicio do dominio de dúas grandes superpotencias: Estados Unidos e a Unión Soviética.

A potencia destrutiva das novas armas, o carácter de guerra total e a determinación de ambos os bandos de proseguir o conflito ata o final sen importar a perda de vidas humanas explican que a Segunda Guerra Mundial sexa a maior catástrofe que coñeceu a humanidade ata hoxe.

O conflito estendeuse a todo o mundo e desapareceu o concepto de retagarda. Aos efectos da ocupación nazi e xaponesa nos territorios conquistados (deportacións en masa, exterminio e xenocidio de varias etnias, feroces represalias sobre a poboación civil, etc.) engadiuse o bombardeo brutal e masivo de moitas cidades por ambos os bandos.

Aínda non hai acordo entre os historiadores sobre o número de vítimas da guerra. Calcúlase que se puideron alcanzar os 60 millóns de mortos, uns 35 millóns de feridos e millóns de desaparecidos. A diferenza do que sucedeu na Primeira Guerra Mundial, máis da metade das vítimas foron civís.

A URSS foi o país máis afectado, seguido por Alemaña e Polonia. No sueste asiático a guerra e a represión provocaron tamén enormes perdas, sobre todo en China, onde se estima que houbo máis de 13 millóns de mortos entre civís e militares.

A guerra causou tamén grandes desprazamentos de poboación, os movementos foron provocados polos nazis nos países ocupados. Outros producíronse xusto ao final, tras a liberación de prisioneiros de guerra nos campos de concentración ou polo establecido nos tratados de paz e polos cambios de fronteira.

Tema 6. A Segunda Guerra Mundial.

5. AS CONFERENCIAS DE PAZ E OS CAMBIOS TERRITORIAIS

Xa desde 1941 os aliados empezaron a planificar como debía ser a orde internacional tras a guerra. Pero as principais decisións dos «tres grandes» (Estados Unidos, Reino Unido e a URSS) sobre o novo mapa político de Europa e Xapón adoptáronse nas conferencias de **Ialta** (febreiro de 1945) e de **Potsdam** (xullo-agosto de 1945). Os dirixentes aliados puxéronse de acordo sobre aspectos moi importantes.

- Definiuse o futuro de Alemaña. O país dividiríase en catro zonas de ocupación (estadounidense, británica, soviética e francesa), igual ca a cidade de Berlín, incluída na zona soviética; procederíase á desnazificación de Alemaña e a xulgar os criminais de guerra (**xuízos de Núremberg**); fixéronse as reparacións de guerra alemás, que serían recibidas, sobre todo, pola URSS; e determináronse as fronteiras con Polonia.
- Concretáronse os cambios territoriais consecuencia da guerra. Os principais producíronse en Europa e beneficiaron especialmente á URSS. Alemaña perdeu uns 100.000 km² na súa fronteira leste e en Prusia Oriental. Polonia tivo que ceder á URSS as rexións do leste.

En Extremo Oriente, Xapón perdeu o seu imperio en Asia e foi ocupado polos estadounidenses, que acabaron co réxime autoritario e impulsaron a súa democratización.

A creación da Organización de Nacións Unidas

Nas conferencias que se produciron durante a guerra, as tres grandes potencias aliadas consideraron necesario crear unha nova organización internacional tendente ao «mantemento da paz e da seguridade internacionais».

En xuño de 1945, na Conferencia de San Francisco, fundouse a Organización de Nacións Unidas (ONU). Os fins da ONU, fixados na Carta das Nacións Unidas, son:

- O mantemento da paz e a seguridade internacionais.
- O recoñecemento do dereito á libre determinación dos pobos, en referencia ás colonias dos grandes imperios.
- O desenvolvemento e estímulo dos dereitos e das liberdades.
- O impulso á cooperación pacífica en cuestións económicas, sociais, culturais, educativas e sanitarias.